Pachi Vázquez reúnese en Gondomar coas asociacións de curros do Val Miñor .

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 22 Xuño 2012 11:44



Pachi Vázquez, secretario xeral do PSdeG-PSOE, reunirase esta tarde, ás 19:30 horas, coas asociacións de gandeiros e cabalos de monte do Val Miñor para tratar a problemática do micr ochip , así como a situación dos curros da bisbarra. A xuntanza terá lugar no Centro Neural de Gondomar ás 19:30 horas.

Segundo informou esta mañá a Valminor.info Paco Ferreira, portavoz dos socialistas de Gondomar, á reunión asistirán representantes dos curros e asociacións de cabalos da Serra do Galiñeiro, A Groba, Mougás, San Cibrán, d'A Valga, Torroña e Morgadáns.